Concello de Ribadavia

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 20 DE FEBREIRO DE 2017.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de febreiro de dous mil dezasete; as nove e media da maña xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste Don Ricardo González Amaro.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trece de febreiro do dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Rebusca 46 S.L.,** con domicilio na rúa Presa nº 5, Beade, no que solicita a concesión do postos núm. 1,2 e 3 da planta semisotano da Praza de Abastos, para elaboración de productos artesesan (masa de pizza e outros), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, adxudicandolle os posto nº 1,2 e 3, planta semisotano, para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Asi mesmo os concesionarios obríganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Para o inicio da actividade deberá presentar a correspondente comunicación previa de actividade e obras se procede así como o aboamento do I.C.I.O e das taxas correspondente a licencia da actividade, para o cál presentará a Alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesoureria os efectos oportunos.

CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Dec Doctor 46 S.L.,** con domicilio na rúa Presa nº 5, Beade, no que solicita a concesión do postos núm. 7,8 e 9 da planta semisotano da Praza de Abastos, para a venda e elaboración de pizzas e outros, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, adxudicandolle os posto nº 7,8 e 9, planta semisotano, para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Asi mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Para o inicio da actividade deberá presentar a correspondente comunicación previa de actividade e obras se procede así como o aboamento do I.C.I.O e das taxas correspondente a licencia da actividade, para o cál presentará a Alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesoureria os efectos oportunos.

RESOLUCION DE RECLAMACION PREVIA

Visto a reclamación previa en reclamación de cantidade-Indeminzación, presentada con data 18.01.2017 por **Don Maximino Lama Míguez,** con domicilio a efectos de notificación na rúa Maquians nº 120, Bloque 1, 1ºB, 32400 Ribadavia, por responsabilidade civil derivada de accidente de traballo.

CONSIDERACIONS XURIDICAS.-

Non existe responsabilidad derivada do accidente para o Concello de Ribadavia xa que se ben éste producese en horario de traballo, e consecuencia dunha actuación do traballador o marxen das súas obrigas laborais.

En base o sinalado anteriormente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA:**

1º.- Desestima-la reclamación previa presentada por Don Maximino Lama Miguez en base a argumentación transcrita anteriormente e aos datos obrantes no Concello.

2º.- Que se lle de traslado do presente acordo a interesada, indicandolle que contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso contencioso-administrativo perante do Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de 2 meses a contar

dende o seguinte ao da súa notificación (Arts. 8 e 46 da Lei 29/1998). Todo elo sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que Vd. Estime máis procedente e sexa conforme a dereito.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Servicio Provincial da AXI en Ourense, Resolución de data 13.02.2017 relativa a arquivo de expte. AP/AXIOU/2016/0058.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE LOCAL DE NEGOCIO NO BAIXO DA ALAMEDA.-

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante concurso do arrendamento do local de negocio no baixo da Alameda.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foi aprobado ó 10 de xaneiro de 2017, mediante acordo de Xunta de Goberno local a través de procedemento aberto mediante concurso.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse mediante constitución de mesa de contratacion a apertura da documentación do sobre núm. 1 con data 8 de febreiro de 2017 e os sobres núm 2 e 3, con data 17 de febreiro de 2017.

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de arrendamento de local de negocio do baixo da Alameda a Don Marcos Blanco Jorge**,** sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado na correspondente acta.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobemo Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1.- Adxudicar provisionalmente o contrato de arrendamento de local de negocio no baixo da Alameda a Don **Marcos Blanco Jorge**, , coas seguintes condicións:

- **Oferta económica:** 500 euros/mes I.V.E. incluido.
- **Mellora dos elementos do local:** 27.486,82 euros.
- **Creación de emprego**: 3.
- **Empadroamento no Concello de Ribadavia:** 3.

2.- Requerir o adxudicatario para que presente a documentación establecida na claúsula 11.3 do Prego de condicións no prazo de dez dias hábiles a contar da recepción do presente requerimento, entre elas a constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artígo 96 do TRLCSP.

Unha vez presentada a documentación requerida no prazo conferido o efecto o presente acordo de adxudicación elevarase a definitivo.

3.- A formalización do contrato realizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación, (unha vez consignada a garantía) facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez e media da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.